



NORMAS DO LOCAL

O Local de Música, como centro sociocultural xuvenil, terá carácter aberto. Para a realización dalgunhas actividades será necesario inscribirse, nomeadamente para aquelas ás que se precise unha autorización a título persoal, como pode ser o uso continuado dunha sala de ensaio. Poden utilizar o servizo e darase prioridade de uso á mocidade usuaria cos seguintes requisitos:

- Xente de 16 a 30 anos, ou bandas onde a media de idade nos supere os 35 anos.
- Mulleres ou bandas con compoñentes femininas.
- Xente empadroada, con permiso de estudante ou con permiso de residencia no Concello de Pontevedra .

Se os membros coinciden nun 80% con outro grupo. Nese caso, serán considerados coma o mesmo grupo.

As persoas usuarias non poden estar inhabilitadas para o uso do Local, e **necesitarán facer unha primeira visita co responsable antes de comezar a ensaiar**, para coñecer as normas básicas e o uso do equipamento, así como de unhas sesións de nocións básicas (obrigatorias) para o uso do Local de Música.

As persoas que non cumpran os requisitos poderán facer uso do Local de Música e das súas actividades, sempre e cando se comprometan a facer algunha actividade que aporte valor á comunidade musical pontevedresa.

MENORES DE IDADE

Para facer uso do Local, as persoas menores de idade precisarán da autorización dos seus pais/nais ou titores legais.

En ningún caso o Local será responsable dos actos dos menores de idade nin do seu coidado, sendo esta responsabilidade dos seus pais ou titores legais, agás que se dispoña o contrario para a realización dalgunha actividade concreta.

PERSOAS INVITADAS

Só está permitida a entrada ás salas a persoas autorizadas previamente. En caso de que algunha persoa externa ó grupo desexe acceder, deberá ser notificado previamente ao responsable do Local de Música. A persoa responsable do grupo farase cargo e velará polo cumprimento das normas de convivencia de calquera persoa externa.

Acceder ás salas como persoa invitada significa dar o consentimento para a utilización da súa imaxe e voz como parte da vida diaria do Local de Música.

ALTA NO SERVIZO

As persoas que desexen facer uso do Local de Música ou das súas actividades deben realizar a inscrición na web **www.localdemusica.gal** Pódese facer a alta de 3 formas diferentes.

• Quero administrar unha banda ou solista:

Para administrar unha banda ou solista cómpre facer a inscrición web, cumprir os requisitos e subir á web os seguintes documentos:

- Volante de empadramento en Pontevedra, ou no seu defecto, permiso de estudante ou de residencia.
- Fotocopia do DNI.
- Cubrir todos os datos de inscrición na web.

Administrar unha banda dache dereito a:

- Engadir membros ao grupo.
- Solicitar horario permanente.
- Solicitar horario puntual.
- Acceder aos servizos e actividades do Local.

• **Quero ser usuaria:**

Para ser usuaria do local tes que facer a inscrición web (quero ser usuario/a) e para formar parte dunha banda tes que ser engadida por unha persoa administradora. Compre que subas á web:

- Fotocopia do DNI
- Cubrir todos os datos de inscrición na web

Ser usuaria da dereito a:

- Formar parte dunha banda.
- Acceder aos servizos e actividades do local.

• **Quero ser de cabos soltos**

Para formar parte de cabos soltos tes que facer a correspondente inscrición na web e seleccionar a túa categoría. Compre que subas á web:

- Volante de empadroamento en Pontevedra
- Fotocopia do DNI
- Cubrir todos os datos de inscrición na web

ADMISIÓN

Unha vez feita a inscrición, o Local de Música comunicará á persoa interesada a súa admisión unha vez que sexa tramitada e validada.

O Local resérvase o dereito de limitar a admisión en función de criterios tales como, entre outros, o padrón, a idade e, sobre todo, a comisión de faltas disciplinarias graves ou moi graves con anterioridade.

A dirección do Local valorará a idoneidade das propostas e solicitudes de uso, requirindo aquela información que considere oportuna, podendo rexeitalas ou derivalas a outro equipamento ou departamento municipal.

BAIXA NO SERVIZO

Aquela xente usuaria que desexe darse de baixa do Local de Música deberá facer o proceso web no seu perfil de usuario/a.

CONDICIÓNS DE USO

• Portas abertas

O Local de Música, pese a estar dirixido á mocidade pontevedresa de 16 a 30 anos, ten un carácter de portas abertas, polo que calquera persoa poderá usar os servizos e actividades mentres haxa ocos libres non demandados por persoas que SI cumpran os requisitos. No caso de haber demanda, a banda ou persoa en cuestión deberá ceder o sitio e buscar outro horario se o houbese.

Cada grupo terá dereito a unha franxa horaria semanal de ensaio, en función da súa preferencia e da dispoñibilidade horaria. En caso de haber ocos libres, cada banda poderá reservar a maiores outras franxas horarias.

O Local de Música imparte formación básica obrigatoria e fai unha primeira visita explicativa ó Local para asegurar o correcto uso do equipamento.

O Local de Música propón, para as persoas que NON cumpran os requisitos, e como forma de compensación, unha forma de devolver o favor á escena musical pontevedresa. Deberán comprometerse e organizar unha data ou varias datas para facer algunha actividade. Ben sexa unha charla, masterclass, asesoramento, promoción do Local de Música, ou calquera forma (consensuada e aceptada polo equipo do Local de Música) que se propoña.

• Asistencia

As faltas de asistencia non teñen consideración de falta disciplinaria. Porén, ao tratarse dunha instalación de balde e de carácter público, **a encadeación de 4 faltas inxustificadas consecutivas, ou 6 nun trimestre, conlevan a suspensión da súa hora de ensaio.** Esta suspensión afectará ao grupo no seu conxunto, nunca á usuaria particular que puidera estar ensaiando noutros grupos. **Despois da suspensión a banda pode inmediatamente pedir outra franxa horaria, pero terá perdida a prioridade, encaso de tela.**

Terán consideración de faltas de asistencia aquelas nas que ningunha das usuarias inscritas se presenta no local de ensaio transcorrida media hora dende o inicio da hora asignada. **Non se poderán ceder horas a outros grupos sen notificalo previamente a responsable do local.**

• Uso do material

No que respecta ó uso do material deberanse seguir sempre as directrices do persoal responsable do local. Como norma seguiranse as seguintes directrices:

- Non se debe abusar do volume do equipamento. As posicións de máximo volume dos amplificadores non se deben empregar nunca. Ademais de causar danos ó equipamento, un volume excesivo pode provocar problemas irreversibles de audición.
- Non se debe tratar a golpes o material. No caso de romperse os parches da batería, débese avisar ó responsable para proceder a cambialos.
- Non acender nin enchufar equipamento cos altosfalantes acendidos e o volume da mesa subido. Isto causa ruídos que estragan os altosfalantes.

PAUTAS DE SAUDE E HIXIENE

- En cada ensaio deberase manter o local ordenado e limpo. Non está permitido fumar en toda a instalación.
- As persoas usuarias deberán acceder ó Local debidamente aseados.
- O volume alto causa lesións de oído, débense seguir as pautas que marca o responsable do Local e as sinaléticas.
- En caso de feridas, lesións ou situacións de emerxencia deberase seguir as indicacións seguidas polo equipo do Local.